

SOLUCIÓN ACTIVIDADES 1º BAC

12ª SEMANA DO 8 AO 12 XUÑO

1ª SESIÓN:

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vossos exercicios estean revisados e corrixidos.

2ª SESIÓN

Exercicios 12 da páx. 353, 13 e 17 da páx. 356.

Por que Curros Enríquez recibe a denominación de poeta cívico?

Pola súa actitude de compromiso con quen sufría os males do seu tempo. Para el a literatura era unha ferramenta para loitar contra as inxustizas.

Por que foi atacado e perseguido Curros Enríquez?

Curros foi atacado publicamente e procesado polo poemas anticlericais que figuraban na súa obra *Aires da miña terra*. O bispo de Ourense, Cesáreo Rodrigo, ditou contra el unha pena de excomuniión. O Xuíz Manuel Mella Montenegro procesouno e impúxolle pena de cárcere e multa económica, pero Curros apelou á Audiencia e foi finalmente declarado inocente. Estes feitos fixeron que a súa sona se espallase por toda Galicia e a súa obra tivese moi boa acollida.

Por que Curros Enríquez era anticlerical?

Curros ataca a moitos membros da igrexa católica, o Papa, os xesuítas, os frades, os clérigos carlistas porque para el eran a imaxe da intolerancia, da falsidade, represores da ciencia e do progreso. Ataca o papel social da igrexa, pero non se mostra irreverente coa doutrina cristiá.

.

3ª SESIÓN

Le o poema ÓS MOZOS e contesta as preguntas 1, 2 e 3 da páx. 358

1. O poema fai un retrato da situación do rural galego na segunda metade do século XIX. Que trazos a caracterizan?

- O patente despoboamento do medio rural, por mor da emigración: “a feira sin xente”, “sin brazos o campo”, “sin nenos a escola”.
- O atraso e o abandono da actividade agrario-gandeira: “a terra sin frutos”, “sin fror a semente”, “a pedra i as nubes a sembra arrasando”, “nin herba pró gando”.
- A miseria e a fame: “sin pan os labregos”, “agoiran un ano de fame sombría”.
- A presión fiscal e foral do Estado e da Igrexa: “manadas famentas de lobos [...] postos en ringla / acenan dos probes prá porta pechada”.

2. A quen cres que denomina Curros “lobos da terra, lobos do ceo”?

“Lobos da terra” serían todos os elementos da sociedade civil que abusaban da clase labrega: cobradores do foro, cobradores de impostos, usureiros, funcionarios, notarios, alcaldes etc.

“Lobos do ceo” fai referencia aos membros do estamento eclesiástico, cobradores de foros, décimos, oblatas e outras cargas.

3. Sobre quen fai descansar Curros a posibilidade dun cambio na situación da aldea? Que métodos propugna para iso?

Sobre os mozos honrados e valentes, empregando a violencia (“facei montería”) en lexítima defensa.

Le o fragmento do poema MIRANDO Ó CHAO (IMITACIÓN DE BÉRANGER) e contesta as preguntas 2 e 3 sobre este texto da páx. 362 . Unha vez feitas estas dúas cuestións, debes enviarlas por correo electrónico ás vosas profesoras antes do luns, día 15 de xuño, preferiblemente en formato Word.